



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como temos sinalado ao falar doutras iniciativas relacionadas co nomenclátor na nosa cidade, o nome das rúas ten un dobre valor de lembrar nomes de lugar ou de persoas e, sobre todo, de individualización de espazos para facilitar o tránsito e localización ao longo da cidade.

Ese papel delimitador é crucial para o comprensión da cidade, non só da veciñanza, senón tamén, e dunha forma moi especial, para as persoas que acceden á nosa cidade diariamente ou de forma ocasional.

Unha correcta sinalización, así como a súa supervisión e mantemento periódico, son, polo tanto, elementos fundamentais para contribuír a fixar ese carácter informativo do rueiro, máxime cando se trata de zonas de recente desenvolvemento que se converten, por motivos diversos, en centro de atracción e constante fluír de persoas e vehículos.

Iso é o que acontece nas proximidades do aparcadoiro disuasorio creado baixo a vía férrea en Pontepedriña. O principal acceso rodado desde a cidade a este aparcamento gratuito carece de placa identificativa. Tal circunstancia nin contribúe a facilitar a localización dos edificios situados na súa traza, nin do acceso ao área de estacionamento, e moitos menos contribúe a divulgar o nome do xenial pintor lalinense Xosé Otero Abeledo "Laxeiro", a quen, xustamente, esta Corporación acordou no seu día dedicarlle esta rúa. Segundo temos constatado, en ningún dos extremos da rúa existe placa identificativa, o mesmo que acontece na esquina do tramo da rúa dedicada ao erudito Amor Ruibal, que se inicia pasada a vía férrea, aínda que neste caso se conserva o rastro dunha placa desaparecida.

Consideramos que a colocación destas placas é unha cuestión doada e necesaria, razóns polas que presentamos o seguinte Rogo:

***Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para que coloquen as placas identificativas na rúa Pintor Laxeiro, no lateral do aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña, e se repoña nas proximidades a placa da rúa Amor Ruibal, no inicio do tramo que comeza a partir do paso da vía férrea".***

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2016.

María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela